


# PROMOCIÓN INFANTIL 2015-2018



OS AMORODOS, AS MAZÁS E AS LARANXAS DO CEIP O COTO XA MADURARON DABONDO ASÍ É QUE REMATARON NESTE CURSO 2017-2018 A ETAPA DE EDUCACIÓN INFANTIL, FESTEXÁNDOO XUNTO ÁS SÚAS FAMILIAS E MESTRES CUN ACTO DE GRADUACIÓN NO AUDITORIO DA NEGREIRA O MARTES 12 DE XUÑO ÁS 16:00h.

A AULA DOS AMORODOS COMEZARON TODOS UN POUCO TOLOS, CON CAMBIOS DE MESTRAS E ALGÚN QUE OUTRO NENO PERO DE TODOS MODOS CONSEGUIRON MEDRAR DIVINOS E RELUCENTES COMA SE FOSEN DE OURO. NALGUNHAS OCASIÓNS SEMELLARON GODOS E SUPERADOS OS MOMENTOS DE CAÍDAS NOS LODOS CONSEGUIRON ERGUERSE E SUBIR AO PISO SUPERIOR PARA REMATAR EDUCACIÓN INFANTIL E COMEZAR NO PRÓXIMO SETEMBRO O CURSO ENTEIRO, EN PRIMEIRO.





AS PEQUENAS MAZÁS COAS SÚAS CORAZAS COMEZARON NO COTO CON MOITAS GAÑAS. AÍNDA QUE ÁS VECES PASÁRONSE DA RAIA SOUBERON DAR MOITAS BRAZAS PARA AVANZAR E MADURAR NA SÚA MACEIRA E BOTÁNDOLLE MOSTAZA E ALGUNHA OUTRA SALSA PUIDERON SUPERAR AS MAZADURAS DAS SÚAS CAÍDAS. AGORA RODARÁN COMO CABAZAS PARA ENTRAR NA AULA DE PRIMARIA.



AS LARANXAS CHEGARON DAS SÚAS CASAS COMO SE VIÑERAN EN CAIXAS, VEN PROTEXIDAS E COMO MONXAS FÓRONSE SOLTANDO E SALTANDO VERXAS AÍNDA QUE NON OS DEIXARAN E QUIXERAN PROTEXELAS. MOI ALANRANXADAS FIXERON ALGUNHA TRASNADA NALGÚN MOMENTO CAERON COMA CEREIXAS PERO CONSEGUIRON SUPERAR AS CAMBADELAS DO CAMIÑO COMO ANIMALIÑOS DE GRANXA QUE CORREN UNHA VEZ CEIBOS PARA CHEGAR A PRIMEIRO.

